



Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial (Proxecto de Interese Autonómico)
Proxecto:	Parque Eólico Ventumelo
Concellos:	Ribas de Sil; Lugo e San Xoán de Río e Pobra de Trives; Ourense.
Promotor:	WIND HERO, S.L.
Remitido:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación
Clave:	IN408A 2019/079 Clave ambiental 2020/0228
Expte.:	03.I.558.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3185/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 06.10.2021 ten entrada, no rexistro xeral da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no que, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, de 22 de decembro pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia, se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos titulados "*Estudo de impacto ambiental. Parque Eólico Ventumelo. Xullo 2021*" e "*Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. Parque Eólico Ventumelo (Modificado nº 1). Proxecto de Interese autonómico. Abril 2021*".

Posteriormente, o 06.04.2022 ten entrada, no rexistro xeral da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, polo que se dá traslado da documentación complementaria achegada polo promotor en resposta ao requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 04.03.2022. Facilitase a ligazón para descargar un estudo de impacto visual, no que se inclúen recreacións infográficas.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 04.06.2020 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención *Prospección Arqueolóxica para o Estudo de Impacto Patrimonial do Parque Eólico Ventumelo, Municipios de San Xoán de Río, A Pobra de Trives e Ribas de Sil en Ourense e Lugo*, dirixida pola arqueóloga María José Bóveda Fernández da empresa Gabinete de Arqueoloxía. Este proxecto de intervención recibe o código CT 102A 2019/929-0.

O 15.02.2021 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación á "*Solicitud de informe ao abeiro do Decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra*", da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, emite informe no que sinala que o proxecto se atopa fóra do ámbito da paisaxe cultural da Ribeira Sacra e da súa zona de amortecemento, aínda que a súa construción pode xerar impacto visual desde os seus miradoiros, así como desde outros elementos senlleiros da paisaxe cultural, polo que é necesario que no trámite ambiental se analice esa visibilidade. Cítase o Miradoiro da Capela e o núcleo de Castro Caldelas e a súa fortaleza.

O 12.07.2021 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria emite informe sobre o "*Documento inicial do proxecto do Parque Eólico Ventumelo. Setembro 2019*". No dito informe solicítase unha análise do impacto visual do parque eólico sobre os miradoiros da Ribeira Sacra desde os que será visible, en especial desde o miradoiro da Capela, así como desde a fortaleza de Castro Caldelas. Tamén se solicita unha análise específica da afección desde o Camiño de Inverno.

O 04.03.2022 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite informe no que para poder avaliar axeitadamente a afección da construción do parque eólico Ventumelo, é necesario que a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural se complete coas análises da visibilidade desde o miradoiro da Capela, na Ribeira Sacra, desde o núcleo de Castro Caldelas e desde o conxunto parroquial de Pacios de San Xurxo. Todo iso en cumprimento do solicitado nos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de datas 15.02.2021 e 12.07.2021. Esta análise débese realizar en conxunto co parque eólico Treboada xa que pola súa proximidade podería concibirse na paisaxe como un único parque eólico.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*





- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 01.12.2020)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co Patrimonio Cultural, pódense facer as seguintes consideracións:

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do Parque Eólico Ventumelo nos termos municipais de Ribas de Sil (Lugo) e San Xoán de Río e Pobra de Trives (Ourense), dentro da ADE Monte Cerengo.
- O obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico de 50 MW de potencia total, composto por 12 aerogeradores (10 con potencia unitaria de 4,2 MW e 2 con potencia unitaria de 4 MW), con 105 m de altura de buxa e 150 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, cimentacións, plataformas de montaxe, gabias de cableado e 2 torres meteorolóxicas de 105 m de altura.
- Para a evacuación da enerxía producida no parque proxéctase unha liña soterrada desde o centro de seccionamento e medida, situado no interior do aerogenerador 5 ata a SET PE Treboada, obxecto doutro proxecto.
- No documento ambiental valóranse tres alternativas, que se diferencian no número, características e posición das máquinas, sendo elixida a alternativa A por provocar, segundo dos redactores, unha menor afección ambiental, en especial á zona de amortecemento do BIC Ribeira Sacra e tamén a 2 áreas de especial interese paisaxístico (AEIP).
- O acceso ao parque eólico, está previsto desde a estrada OU-536, con saída no PQ 59, cara á OU-705. Desde o seu PQ 6,4, a través dun novo vieiro, accédese aos aerogeneradores V-3, V-4 e V-5; namentres que con desvío no seu PQ 8,0 chégase ao resto dos aerogeneradores, a través de vieiros existentes acondicionados e de nova execución, cunha anchura mínima de 6m.
- En relación co patrimonio cultural, diferentes apartados da memoria do EIA (9 *Inventario ambiental*, punto 9.4.10 *Patrimonio cultural*, 10 *Identificación e avaliación de impactos*, punto 10.4.21 *Arqueoloxía e patrimonio cultural* e 12 *Medidas protectoras e correctoras*, punto 12.2.14 *Patrimonio cultural*) remiten ao Anexo G *Estudio arqueolóxico*.
- Como Anexo G *Estudio arqueolóxico* achégase a memoria da *Prospección Arqueolóxica para o Estudo de Impacto Patrimonial do Parque Eólico Ventumelo, Municipios de San Xoán de Río, A Pobra de Trives e Ribas de Sil en Ourense e Lugo*, asinada en abril de 2021 pola arqueóloga María José Bóveda Fernández, da empresa Gabinete de Arqueoloxía. De acordo con esta memoria, foron identificados no ámbito de estudo un total de 9 elementos do patrimonio cultural: 5 de carácter arqueolóxico e 4 de carácter arquitectónico.
- A cualificación de impacto dos bens arqueolóxicos é a seguinte:
 - Sen Impacto: Mámoa 1 do Agro dos Currás (GA32063020); Mámoa 2 do Agro dos Currás (GA32063021); Explotación Mineira Os Biocos (GA32070009); Explotación Mineira de A Medorra/ O Rudo (GA32070008).
 - Moderado: Castro da Portela (GA27052018), o vieiro de acceso ao aerogenerador V-02 que aproveita un camiño existente discorre a uns 130 metros ao sur do xacemento.
- Os elementos arquitectónicos son as Igrexas de San Xurxo e San Paio das Cabanas e as capelas de San Miguel e de San Antonio de Domecelle, todos eles no concello de San Xoán de Río. Non se considera que exista impacto sobre eles e non se propón ningunha medida correctora específica.





- Como medidas correctoras de carácter xeral, propóñense no *estudo de impacto sobre os bens patrimoniais* as que se resumen a continuación:
 - Os elementos do Patrimonio Cultural deberán figurar grafados na cartografía, xunto co seus contornos de protección.
 - Establecemento dunhas bandas de protección, marcadas na planimetría de obra, onde quedan excluídos calquera tipo de obra, préstamos, amoreamentos, zonas de almacenaxe ou aparcamento de maquinaria, non especificadas no proxecto.
 - Comunicación ao equipo arqueolóxico da localización tanto das zonas de amoreamento e préstamo, como de calquera outra obra non proxectada, en previsión de que posibles achados patrimoniais poidan resultar afectados pola execución das obras.
 - Restrición das obras de construción das infraestruturas do parque ás áreas especificadas no proxecto. Prohibición do tránsito e estacionamento da maquinaria fóra das áreas habilitadas.
 - Recomendación de revisión das zonas con densa vexetación, unha vez rozadas, para impedir as afeccións a posibles achados patrimoniais, no entorno das posicións dos aeroxeradores do parque.
- Medidas correctoras específicas :
 - Castro da Portela (GA27052018). O castro e unha banda de protección de 200 m figurarán grafados na cartografía de obra. Prohíbese o tránsito de vehículos de obra e maquinaria en dirección norte, si se considera necesario balizarase esta zona para impedir o dito tránsito, usando algún tipo de barreira estable, que obstaculice o seu uso polos vehículos de obra pero non impida o tránsito, no caso de urxencia, ao servizo de extinción de incendios, nin o paso dos vehículos dos propietarios. Ademais realizaranse traballos de control e seguimento do acondicionamento do vieiro.
- O Anexo D *Estudo de impactos e integración paisaxística*, estuda a visibilidade do parque eólico desde os lugares de especial interese paisaxístico, entre os que se atopan o Camiño de Santiago e a Ribeira Sacra. Asemade, inclúe infografías desde os núcleos rurais dentro da poligonal e lugares de especial interese paisaxístico entre os que se atopa o Camiño de Santiago (Camiño de inverno). Neste documento inclúense infografías realizadas desde varios puntos do trazado, entre os núcleos de Montefurado e Bendilló, nas que se pode apreciar que os aeroxeradores do parque eólico serán visibles desde o Camiño pero a distancias que superan os 4 km, polo que o impacto visual verase reducido pola menor apreciación visual das infraestruturas a esas distancias.

Como **documentación complementaria ao EsIA**, a requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, achégase un estudo de impacto visual, no que se inclúen recreacións infográficas da afección dos parques Ventumelo e Treboada a varios bens patrimoniais, entre os que figuran o Miradoiro da Capela na Ribeira Sacra, á fortaleza de Castro Caldelas, e a igrexa de San Xurxo de Pacios en San Xoán de Río, tal como se pediu no requirimento.

Proxecto Sectorial (Proxecto de Interese Autonómico)

O proxecto sectorial redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Ventumelo.

- No subapartado 2.5. *Patrimonio Cultural*, recóllese que no Anexo G, Estudo arqueolóxico do EsIA, se presenta en detalle os elementos patrimoniais localizados no ámbito de estudo, así como os impactos producidos polo parque eólico e as medidas preventivas e/ou correctoras.
- No apartado 5 do documento *Avaliación de impacto ambiental*, sinalase que ás afeccións ambientais e as medidas correctoras foron descritas no Estudo de impacto ambiental (EsIA). Respecto da afección sobre o patrimonio cultural indicase que foi realizado un Estudo de impacto arqueolóxico, no que se avalían as afeccións sobre os bens patrimoniais na área do parque e formulan as medidas correctoras adecuadas, establecendo un control e seguimento arqueolóxico na fase das obras.

Unha vez analizado o documento pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o plan básico autonómico, os visores do Instituto de Estudos do Territorio, e o planeamento municipal constátase que na zona de afección do parque eólico existen bens integrantes do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados na *Prospección arqueolóxica para o estudo de impacto patrimonial* que constitúe o Anexo G do EIA, no que se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.





- Asemade, a documentación aportada inclúe análises visuais desde os núcleos rurais, elementos do patrimonio cultural e lugares de especial interese paisaxístico como pode ser o Camiño de Santiago e a Ribeira Sacra, nas que se aprecia que a visibilidade non é relevante.
- Por outra parte, non se concreta no documento o acceso ao parque eólico fóra da poligonal, desde a rede de estradas xerais, nin as actuacións que será necesario realizar para acondicionar ese acceso, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- Respecto ao proxecto sectorial, compróbase que os datos que se aportan, no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas do parque eólico, coinciden cos datos do EsIA.

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural se informa de xeito **favorable** os documentos "*Estudo de impacto ambiental. Parque Eólico Ventumelo. Xullo 2021*" e "*Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. Parque Eólico Ventumelo (Modificado nº 1). Proxecto de Interese autonómico. Abril 2021*", coas medidas correctoras establecidas no estudo de impacto sobre o patrimonio cultural que constitúe o Anexo G do EsIA e debéndose, en todo caso, ter en conta o seguinte:

- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural (baseada nunha prospección arqueolóxica) dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc...). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
 - A prospección arqueolóxica terá que ser levada a cabo por arqueólogas/os competentes autorizadas/os por esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. A este efectos deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos que puidesen aparecer no transcurso das obras ou, de ser o caso, os afectados pola execución dos accesos. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.
- Respecto ó proxecto sectorial:
 - Na planimetría de clasificación urbanística proposta incluíranse e reflectíranse os bens patrimoniais recollidos no Estudo de Impacto Cultural, así como os seus contornos de protección.





- Os Concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais nos seus catálogos urbanísticos de protección.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Insua

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

